

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 1/07/2016, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASUNTOS

- 1º.- Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-
- 2º.- Licencias Urbanísticas.
- 3º.- Expediente Obra Plan Cooperación Municipal 2016.-
- 4º.- Expediente Obra Convenio Diputación Provincial 2016.-
- 5º.- Expediente contratación Obras Plan Acción Social 2015.-
- 6º.- Asuntos varios.-

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **1/07/2016** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión extraordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

1º.- Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-

Sometida a votación a do día 9 de Xuño de 2016 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

2º.- Licencias Urbanísticas.

A) Deixando a salvo o dereito da propiedade e sen prexuízo de terceiros de conformidade co que prevé o artigo 12 do Regulamento de servizos das corporacións locais, logo de ver o informe favorable emitido por parte do Arquitecto que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación e demais antecedentes obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda conceder Licenza Urbanística :

OBRAS MAIORES

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15007), para proceder á instalación de liña eléctrica de baixa tensión mediante paso aéreo-soterrado (P.A.S.) en apoio á existente e canalización de 35 m desde P.A.S coa finalidade de dotar de subministro a unha vivenda unifamiliar emprazada na localidade de A Insua deste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Darío Sánchez Maeso de data 15/02/2016 que consta no expediente, condicionada a que :

- 1) Deberá informar ó concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os materiais empregados e resultantes da execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

1

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados coas mesmas calidades de materiais, pola que foi constituída unha fianza por importe de 514,47 €.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Cincuenta e tres euros con corenta e sete céntimos (53,47 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras €.

-- Sete euros con vinte e nove céntimos (7,29 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

A UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. con CIF A-63222533 e domicilio social na Avenida de Arteixo, 171 de A Coruña (CP 15008), para proceder á instalación de liña eléctrica de baixa tensión mediante paso aéreo-soterrado (P.A.S.) en apoio á existente, extensión da rede, dous puntos de acceso á mesma (P.A.R) e deste último acometida de 6 metros, coa finalidade de dotar de subministro a dúas vivendas unifamiliares emprazadas na localidade de Padris (Polígono 6, Parcela 531) deste Termo Municipal, debendo axustarse na súa totalidade á Memoria e Planos redactados polo Enxeñeiro Industrial Darío Sánchez Maeso de data 10/03/2016 que consta no expediente, condicionada a que :

1) Deberá informar ó concello acerca do día do comezo das obras mediante escrito por Rexistro de Entrada.

2) Os materiais empregados e resultantes da execución da obra deberán ser recollidos e retirados con colectores axeitados e descargados en vertedoiro autorizado.

3) Repoñerase ó estado inicial o pavimento e beirarrúa afectados, se é o caso, coas mesmas calidades de materiais, para a que foi constituída unha fianza por importe de 2.908,84 €.

Así mesmo, deberá ingresar nas arcas municipais as seguintes cantidades:

-- Douscentos noventa e nove euros (299,00 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

-- Corenta euros con vinte e nove céntimos (40,77 €) en concepto da taxa por servizos urbanísticos.-

OBRAS MENORES

A MARÍA LUCÍA BUJÁN SIXTO, veciña de Fisterra, para proceder á reparación do beirado do teito e pintado do pichón ós fins de evitar filtracións de auga nunha utilizando unha máquina elevadora na vía pública; condicionada a que non poderá existir aumento de volume nin modificacións das condicións estruturais da mesma.

Tendo en conta que o Presuposto valorado polo Departamento de Urbanismo desta Corporación ascende a catrocentos setenta euros (477,00 €); procede devolver á promotora a cantidade de 0,58 €, toda vez que foron ingresados 19,25 € con data 12/04/2016 en base ó presuposto de 500,00 €.

A EMILIO FERNÁNDEZ TRABA, veciño de Fisterra, para proceder á reparación da cuberta da vivenda sita na citada localidade; condicionada a que non poderá existir aumento de volume nin modificacións das condicións estruturais da mesma.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

Así mesmo, **deberá ingresar as seguintes cantidades :**

- Cento oitenta e cinco euros con trinta e tres céntimos (185,33 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 8.424,00 euros.
- Vinte e cinco euros con vinte e sete céntimos (25,27 €) en concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

Á XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA, CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, con CIF S-1511001-H e domicilio social no Edificio Administrativo de Monelos, Praza de Luís Seoane, s/n (CP 15071) A Coruña, para proceder á reparación de obras consistentes na reparación da cuberta do edificio destinado a Centro de Educación Infantil e Primaria “Mar de Fóra”, sito na Rúa Alcalde Fernández desta Vila; debendo axustarse na súa totalidade á Memoria redactada pola Arquitecta Técnica Inés Guerra Salorio de data Maio de 2016 que consta no expediente, sen modificacións no volume da edificación.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de

terminación de seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

Así mesmo, deberá ingresar as seguintes cantidades :

- Novecentos vinte e dous euros con noventa e seis céntimos (922,96 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais.
- Cento vintecinco euros con oitenta e seis céntimos (125,86 €) en concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

A CARMEN ISABEL TRABA CANOSA, veciña de Fisterra, para proceder á reparación da cuberta na substitución da tella existente por outra nova nunha vivenda sita na citada localidade; condicionada a que antes do comezo das obras deberá presentar nas oficinas municipais Seguro de Responsabilidade Civil da Empresa Constructora que realice as obras.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

Así mesmo, deberá ingresar as seguintes cantidades :

- Douscentos corenta e sete euros con dez céntimos (247,10 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 11.232,00 euros.
- Trinta e tres euros con setenta céntimos (33,70 €) en concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

A BALBINO LOUZÁN LAGO, veciño de Fisterra, para proceder á construción dun peche de bloques revestido de pedra con unha lonxitude de 34 metros por altura de 1,50 metros, con unha separación de 4 metros do eixe da vía pública, a emprazar no fronte da parcela da vivenda, sita na citada localidade; condicionada a que :

- Antes do comezo das obras deberá comunicalo ó Concello para estar presente na acta de replanteo.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

Así mesmo, deberá ingresar as seguintes cantidades :

- Vinte e seis euros con cincuenta e cinco céntimos (26,55 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 1.207,00 euros.

- Tres euros con setenta e dous céntimos (3,62 €) en concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

A MARCOS RAMÓN LAGO SUÁREZ, veciño de Fisterra, para proceder á substitución das fiestras actuais por outras novas de pvc nunha vivenda, condicionada a que non poderá existir aumento de volume nin modificacións das condicións estruturais.

O prazo de iniciación de obras non poderá exceder de tres meses contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acordo o de terminación de seis meses e non poderán interromperse por un prazo superior ó de tres meses.

Así mesmo, deberá ingresar as seguintes cantidades:

- Cento cincuenta e catro euros con corenta e catro céntimos (154,44 €) en concepto do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras no momento de retirar a licenza nas oficinas municipais resultante da liquidación practicada en base á aplicación do 2,2% sobre a nova valoración efectuada pola Arquitecta que presta servizos en materia urbanística dentro desta Corporación que ascende a 7.020,00 euros.

- Vinte e un euros con seis céntimos (21,06 €) en concepto da taxa pola prestación de servizos urbanísticos.

B) Visto o informe desfavorable emitido pola Arquitecta que presta servizos urbanísticos dentro desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) **Denegar a Licenza Urbanística** formulada por parte de **Luis Lago Domínguez**, veciño de Fisterra, para proceder ó arranxo do teito da tella con pintado de uralita sita na rúa de residencia; **toda vez que dita actuación non está permitida ó estar a vivenda dentro do ámbito do Plan Especial do Casco Histórico (PEPRI) onde se establece claramente que " a cubrición das cubertas será forzosamente de tella curva de barro cocido propia do país "**.-

2) Notificar este acordo o solicitante, debendo procederse á devolución do ingresado polo promotor o día 26 de Maio de 2016 nun importe de Dezasete euros con dezaseis céntimos (17,16 €) en concepto do 2,2% do Imposto sobre Construccions, Instalacións e Obras.-

C) Visto o informe desfavorable emitido polo Departamento de Urbanismo desta Corporación, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Denegar a Licenza urbanística formulada por Luis Vigo Vázquez, veciño de Fisterra, para proceder á construción dun cobertizo adosado a unha vivenda unifamiliar para garda de apeiros e enseres; toda vez que a documentación presentada non cumpre coas condicións impostas no apartado 5.10.2.3º) das Normas Subsidiarias de Planeamento vixente.-

2) Notificar este acordo ao solicitante, debendo procederse á devolución do ingresado polo promotor o día 5 de xaneiro de 2016 nun importe de Trinta e oito euros con vinte céntimos (38,20 €) en concepto do 2,2% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.-

3º.- Expediente Obra Plan Cooperación Municipal 2016.-

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, como órgano de contratación para adxudicación mediante procedemento negociado da Obra denominada " Mellora do Camiño a Insua-Fisterra " cun presuposto de Setenta e cinco mil oitocentos noventa euros (75.890,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, acorda designar como órgano de negociación a :

Presidente :Juan Alexandre Dominguez Lado .- Concelleiro.-

Vogais : Técnico/Técnica do Departamento de Urbanismo.-

José Ramón Lema Fuentes : Secretario-Interventor.-

Secretario: o da Corporación

Coa finalidade de avaliar as proposicións que se reciban dos licitadores aplicando os criterios de adxudicación recollidos no Anexo V.I. do Prego previa comprobación de que cumpren os requisitos exisidos no mesmo (SOBRE A).-

4º.- Expediente Obra Convenio Diputación Provincial 2016.-

A Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes, como órgano de contratación para adxudicación mediante procedemento negociado da Obra denominada " Reforma de Infraestructuras en San Martiño de Arriba-Fisterra " cun presuposto de Coarenta e oito mil euros (48.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido acorda designar como órgano de negociación a :

Presidente :Juan Alexandre Dominguez Lado .- Concelleiro.-

Vogais : Técnico/Técnica do Departamento de Urbanismo.-

José Ramón Lema Fuentes : Secretario-Interventor.-

Secretario: o da Corporación.-

Coa finalidade de avaliar as proposicións que se reciban dos licitadores aplicando os criterios de adxudicación recollidos no Anexo V.I. do

Prego previa comprobación de que cumpren os requisitos exisidos no mesmo (SOBRE A).-

5º.- Expediente contratación Obras Plan Acción Social 2015.-

Vista a Circular procedente da Excma Diputación Provincial sobre a aprobación da 3ª Fase do Plan de Acción Social (PAS) a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda :

- A) Iniciar expediente para a contratación mediante procedemento negociado da Obra denominada " Saneamento e pavimentación no lugar de Castro-Fisterra " cun presuposto total de Setenta e tres mil cincocentos noventa e nove euros con sete céntimos (73.599,07 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó prego de Cláusulas administrativas aprobadas polo citado Organismo Provincial e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 3 de data 7 de Xaneiro de 2016.-

Publíquese Anuncio para a licitación no periódico " Diario de Bergantiños " para que por parte dos interesados poidan presentar a documentación prevista no Prego dentro do prazo de oito días naturais (8) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no mesmo.-

- B) Iniciar expediente para a contratación mediante procedemento negociado da Obra denominada " Reforma do Parque Infantil de San Roque - Fisterra " cun presuposto total de Sesenta e catro mil oitocentos trinta e seis euros con vinte e seis céntimos (64.836,26 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido en base ó prego de Clausulas administrativas aprobadas polo citado Organismo Provincial e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 3 de data 7 de Xaneiro de 2016.-

Publíquese Anuncio para a licitación no periódico " Diario de Bergantiños " para que por parte dos interesados poidan presentar a documentación prevista no Prego dentro do prazo de oito días naturais (8) contados a partir do día seguinte ó da súa publicación no mesmo.-

6º.- Asuntos varios.-

- A) Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade dos asistentes acorda conceder a P. E. P., veciña de Fisterra unha axuda social polo importe de Trescentos oitenta euros (380,00 €) para sufragar gastos de primeira necesidade ao tratarse dunha persoa carente de medios económicos.-

- B) Visto o informe emitido polo Departamento de Servizos Sociais que consta no expediente, a Xunta de Goberno local por unanimidade

dos asistentes acorda Denegar a Axuda social formulada por parte de J. A. M. I., veciño de Fisterra, por considerar que na actualidade conta cos medios necesarios para atender os gastos de primeira necesidade.--

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión,**
ás 21:45 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.